

Avaliación das comunicacións das XVI Xornadas Galegas de Medicina Familiar e Comunitaria (Lugo 2011)

Salvador Pita Fernández*, María Victoria Martín Miguel*, Joam Casas Rodríguez*, Carmen Costa Rivas*, M^º José Modroño Freire*, Santiago Pérez Cachafeiro*, Luis Ramil Hermida*, María Aranzazu Miguel Gómez*, Ana López Viana*, Sara Pino Ramos **

* Comité Científico XVI Xornadas Galegas de Medicina Familiar e Comunitaria
 ** Servizo de Normalización Lingüística. UDC

Cad Aten Primaria
 Ano 2011
 Volume 18
 Páx. 187-189

Nas XVI Xornadas Galegas de Medicina Familiar e Comunitaria que tiveron lugar en Lugo o 25 e 26 de novembro de 2011 presentáronse 81 comunicacións. A evolución do número de comunicacións ao longo dos anos, desde que se iniciaron as xornadas e congresos da AGAMFEC na nosa comunidade autónoma, mostra unha clara tendencia crecente, como se pode obxectivar na Figura 1. O ano con maior número de traballos foi o 2008 (Vigo), en que se presentaron 117 comunicacións. Nos anos 1984, 1992 e 2005, coincidindo cos congresos nacionais da SEMFYC, presentáronse 2 comunicacións de Galicia no Congreso Nacional en Santiago (1984), 53 no Congreso Nacional na Coruña (1992) e 53 no Congreso Nacional en Santiago (2005).




FIGURA 1
 Evolución do número de traballos presentados nas reunións anuais da AGAMFEC. período de 1984-2011

Durante o período 1996-2003, as reunións das xornadas anuais desenvolvéronse conxuntamente cos médicos de familia de Portugal, pero na Gráfica 1 representáanse só as comunicacións que procedían de Galicia durante todo o período estudado.

A distribución de comunicacións por provincia móstrase na Figura 2, onde se obxectiva que as provincias con maior participación foron A Coruña (52), seguida de Ourense (13) e Pontevedra (10). Lugo, aínda que nos últimos anos con anterioridade ao 2009 practicamente non presentaba comunicacións, realizou 8 no ano 2009, 2 no ano 2010 e 5 no ano 2011.




FIGURA 2
 Nº de comunicacións presentadas segundo a provincia

Hai que ter en conta que desde o ano 2009, co obxectivo de incrementar o número de participantes e facilitar que se poidan achegar as maiores contribucións ao coñecemento da nosa especialidade, ademais das comunicacións científicas, as experiencias, os proxectos de investigación, admitíronse nestas xornadas galegas casos clínicos. No ano 2009, na reunión de Ourense presentáronse 23 casos clínicos, na Coruña no ano 2010 38 e este ano o número de casos clínicos ascendeu a 57, o que representa o 70,4% de todas a comunicacións presentadas este ano. A distribución dos tipos de traballos segundo a provincia móstrase na Táboa 1. Os casos clínicos foron achegados fundamentalmente pola provincia da Coruña (66,7%), seguida de Ourense (17,5%). Os




FIGURA 3

Puntuación das comunicacións científicas segundo tipo de presentación

proxectos de investigación proceden fundamentalmente da provincia da Coruña (75,0%), seguida de Pontevedra (25,0%). As comunicacións científicas proveñen sobre todo da Coruña (n = 15) (57,9%), Lugo e Pontevedra achegan 3 cada unha e Ourense 2 comunicacións científicas. O único traballo que se presenta como experiencia procede de Ourense.

En xeral o Comité Científico respecta a petición dos coautores canto ao tipo de presentación en forma oral ou de panel, só se realizan cambios en relación co espazo dispoñible. Tras decidir que todos os proxectos de investigación se presentasen como panel, a distribución final quedou como se mostra na Táboa 2. Na devandita táboa pódese obxectivar que se presentaron en forma oral o 25,9% dos traballos e que a provincia que prefere fundamentalmente a presentación oral é a de Ourense cun 53,8% dos seus traballos remitidos para presentación oral.

Cada comunicación foi avaliada por cada un dos 9 membros do Comité Científico, segundo unha metodoloxía previamente xa establecida, onde se tiña en consideración nas comunicacións científicas a orixinalidade, o interese e a metodoloxía. Nos proxectos de investigación, ademais das mesmas epígrafes previamente mencionadas, considerábase á súa vez se o proxecto era ou non multicéntrico, e se estaba financiado ou non. Nas experiencias avaliábase a orixinalidade, o interese, a claridade de explicación, as conclusións e a aplicabilidade a outros centros. Nos casos clínicos valorouse o interese para a atención primaria nunha escala numérica de 0 a 3. Tras a valoración das 82 comunicacións que foron remitidas só se denegou 1 caso clínico. A puntuación das comunicacións científicas non é diferente segundo se presenten en forma oral ou panel (Figura 3). Doutra parte, aínda que os casos clínicos orais teñen maior puntuación que os paneis, a diferenza non é significativa (Figura 4).




FIGURA 4

Puntuación dos casos clínicos segundo tipo de presentación

TÁBOA 1

Distribución dos tipos de traballos segundo modo de presentación

Provincia	MODO DE PRESENTACIÓN		Total
	Oral	Panel	
	n (%)	n (%)	n (%)
A Coruña	8 (15.4)	44 (84.6)	52 (100.0)
Lugo	2 (40.0)	3 (60.0)	5 (100.0)
Ourense	7 (53.8)	6 (46.2)	13 (100.0)
Pontevedra	4 (40.0)	6 (60.0)	10 (100.0)
Outras (Sevilla)	1 (100.0)	- (0.0)	1 (100.0)
Total	21 (25.9)	60 (74.1)	81(100.0)

Esta reunión pon de manifesto que:

- a) o número de comunicacións se mantén fundamentalmente a expensas dos casos clínicos, que cada ano son máis frecuentes e que este ano representan o 70,4% de todos os traballos remitidos;
- b) o número de comunicacións científicas diminuíu respecto de

anos previos;

- c) a provincia da Coruña é a que máis comunicacións achegou a esta reunión (64,2%);
- d) e as comunicacións orais non teñen significativamente maior puntuación que as comunicacións presentadas en formato panel.

TÁBOA 2

Distribución dos tipos de traballos segundo a provincia

Categorías	PROVINCIA					Total
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Outras (Sevilla)	
	n (%)	n (%)	n (%)	n (%)	n (%)	n (%)
Casos clínicos	38 (66.7)	2 (3.5)	10 (17.5)	6 (10.5)	1 (1.8)	57 (100.0)
Proxectos de investigación	3 (75.0)	-	-	1 (25.0)	-	4 (100.0)
Comunicacións científicas	11 (57.9)	3 (15.8)	2 (10.5)	3 (15.8)	-	19 (100.0)
Experiencias	-	-	1 (100.0)	0 (0.0)	-	1 (100.0)
Total	52 (64.2)	5 (6.2)	13 (16.0)	10 (12.3)	1 (1.2)	81 (100.0)